



12-9-2017

Plan TIC IES DAVIÑA REY

CURSO 2017-2018



MARIA JESÚS CASADO BARRIO

Contido

Plan TIC CURSO 2017-2018.....	2
➤ Punto de partida.....	2
Liña de tempo da formación e experiencias TIC do centro dende o ano 1995.....	2
➤ Detección de necesidades e obxectivos.....	3
➤ Actividades previstas para acadar estes obxectivos.....	4
I- Actualización dos equipos informáticos e do seu software.....	4
II- Adaptar os recursos TIC ás novas metodoloxías de traballo en equipo.....	5
Plan de actuación ABALAR-TIC-EDIXGAL.....	5
Dinamización e xestión de recursos humanos e materiais.....	6
Formación e asesoría do profesorado respecto do uso de recursos e metodoloxía a empregar	7
Promoción e difusión das actividades desenvolvidas.....	7
Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto EDIXGAL. Indicadores de Logro vinculados aos obxectivos.....	8
Plan Proxecta e proxectos internacionais etwinning.....	9
Aula virtual.....	9
III- Manter en funcionamento o sistema na nube.....	10
IV- Formar a toda a comunidade educativa no uso responsable da tecnoloxía e levalo á práctica.....	11
V- Avaliación do sistema de Organización Dixitalmente Competente.....	11
➤ ANEXO.....	12

Plan TIC CURSO 2017-2018

➤ Punto de partida

A vocación do I.E.S. “Daviña Rey” é, por medio da implantación dun sistema de calidade e dun estilo de xestión do centro transparente e participativa, *coa práctica do traballo en equipo* e a fixación de obxectivos comúns, constituírse como un *centro de referencia tanto pola súa calidade de ensino como polas súas instalacións e equipamentos*, satisfacendo deste xeito as expectativas da comunidade educativa en **xeral e dos alumnos/as en particular**.


De cara ao curso 2017-2018 preténdese **MELLORAR OS EQUIPAMENTOS, POTENCIAR A FORMACIÓN E O TRABALLO EN EQUIPO COA PARTICIPACIÓN EN EDIXGAL e a INCORPORACIÓN DE NOVAS FERRAMENTAS DE SOFTWARE PARA O TRABALLO COLABORATIVO (OFFICE 365)**, xa que **EDIXGAL non cubre todo o alumnado**, e así continuar sendo un centro de referencia pola nosa calidade de ensino aplicando os últimos avances tecnolóxicos que a Consellería de Educación pon ao noso alcance.

A nosa oferta educativa fai mención explícita aos recursos dixitais, ao proxecto **ABALAR**, e a aula Mentor, que xa son parte da nosa identidade, e nela **XA FIGURAN OS LIBROS DIXITAIS E CURSOS ONLINE**, que son empregados por varias materias.

Velaquí a nosa historia TIC que é o punto de partida deste plan.

Liña de tempo da formación e experiencias TIC do centro dende o ano 1995

Plans incorporados dende o ano 1995



➤ Detección de necesidades e obxectivos.

Aínda que o IES DAVIÑA REY é un centro de innovación tecnolóxica no que a introdución das TIC xa se considera amortizada dende hai anos, durante o curso 16-17 detectáronse unha serie de necesidades que queremos abordar para este novo ano académico e que polo tanto son os obxectivos a conseguir para o 2017-2018.

A **primeira** é a *actualización e a ampliación dos equipos informáticos e do seu software*. Os miniportátiles do alumnado ABALAR teñen xa sete anos e no caso dos ordenadores da sala de profesores o sistema operativo é Windows XP. As aulas con ordenadores teñen menos de vinte equipos o que se torna insuficiente para o novo Ciclo Superior de Educación infantil. Debido a que este o XP xa non é actualizable e polo tanto non é seguro, compre instalar novos SO, e tamén cambiar os equipos antigos e crear unha nova aula con trinta postos. Nestas tarefas o equipo de mantemento que **coordina Jesús Quiroga** é vital.

A **segunda** é *adaptar os recursos TIC ás novas metodoloxías de traballo en equipo*. Se ben o traballo en rede do profesorado, alumnado e persoal non docente é real e forma parte da rutina diaria, xa que e tódolos membros da comunidade educativa teñen acceso á información e documentación do centro a través do cloud computing, non podemos dicir o mesmo respecto das actividades que se desenvolven dentro e fora da aula nas distintas materias. O traballo en grupo e por proxectos precisa de plataformas colaborativas que permitan formar equipos, e que estes teñan unha zona común para compartir información e transformala en arquivos publicables no que todos poidan traballar simultaneamente. Isto require tamén un bo funcionamento da rede, que xa foi mellorada pero que aínda presenta problemas de velocidade de causa descoñecida. Precisamos tamén probar novas ferramentas e formación para o seu uso e aplicación na aula. Como impulsora do plan proxecta e da innovación metodolóxica co uso das TIC, a **coordinadora ABALAR, María Jesús Casado**, dinamiza este apartado coa inestimable axuda de **Amancio Rodríguez, coordinador de FCT** e membro do departamento de Electricidade e Electrónica, o mais informatizado do centro, que difunde as novas entre alumnado e profesorado de Formación Profesional.

A **terceira** é *manter en funcionamento o sistema na nube*, incorporando novos documentos e formando a todo o persoal que chega ao centro no seu uso. Deste obxectivo encárgase o **equipo de calidade**, coordinado pola profesora **Ana Naval**.

A **cuarta** é *formar a toda a comunidade educativa no uso responsable da tecnoloxía e levalo á práctica* nas actividades desenvolvidas en todo o proceso de aprendizaxe, tanto dentro da aula como fora, facendo fincapé nos riscos que comporta un uso inadecuado, irresponsable ou imprudente. Neste obxectivo é fundamental a colaboración do **departamento de orientación**, que lidera **Nieves Domínguez**. Este departamento impulsa a participación en conferencias sobre a seguridade na rede, e coordina a titores e profesores para detectar posibles problemas de acoso e por en práctica os consellos recibidos.

E por último, a **quinta** e non menos importante é a *avaliación do sistema*. Trátase de revisar as estratexias organizativas para mellorar a capacidade de innovación e para explotar todo o potencial das tecnoloxías e contidos dixitais. Queremos formar parte das Organizacións Dixitalmente Competentes, e por iso participamos no proxecto DigCompOrg. O resultado da avaliación nos permitirá deseñar, implementar e avaliar intervencións de políticas para a integración e uso eficaz das tecnoloxías de aprendizaxe dixital. Deste apartado encárgase o equipo directivo, e como responsable último, o **director Isaac González**.

Objetivos 17-18 Responsables



- | | |
|---|--------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Actualización de equipos e software | <input type="checkbox"/> Mantemento |
| <input type="checkbox"/> Adaptación do software a metodoloxías de traballo por proxectos, formación e aplicación | <input type="checkbox"/> Abalar |
| <input type="checkbox"/> Mantemento do sistema de xestión na nube | <input type="checkbox"/> Calidade |
| <input type="checkbox"/> <i>Formar a toda a comunidade educativa no uso responsable da tecnoloxía e levalo á práctica</i> | <input type="checkbox"/> Orientación |
| <input type="checkbox"/> Avaliación do Marco de Competencia Dixital da organización (DigCompOrg) | <input type="checkbox"/> Dirección |

➔ Actividades previstas para acadar estes obxectivos

Os encargados de poñer a tecnoloxía ao servizo das persoas son os departamentos antes indicados coa colaboración dos profesores de materias relacionadas coa informática de modo directo, e no seguinte nivel o resto do profesorado, xa que todos somos usuarios das TIC e referente para o alumnado. Todos xuntos colaboramos dende o inicio de curso para que estas ferramentas faciliten o traballo docente e discente, administrativo e comunicativo, de xeito responsable.

No presente curso académico pretendemos desenvolver as actividades que se indican nos seguintes parágrafos coa finalidade de acadar os cinco obxectivos anteriores.

I- Actualización dos equipos informáticos e do seu software

O plan de traballo para acadar este obxectivo é o seguinte:

- Reposición de equipos ABALAR por participar no proxecto EDIXGAL a cargo da Consellería de Educación.
- Solicitude e compra de novos equipos para profesorado e alumnado en proporción ao presuposto anual
- Rexistro na plataforma educativa da empresa Microsoft para participar en dous plans que oferta esta empresa aos centros:
 - Office 365 gratuíto
 - Microsoft Imagine
- Actualización do sistema operativo de tódolos equipos do centro e revisión de posibles fallos de seguridade.



II- Adaptar os recursos TIC ás novas metodoloxías de traballo en equipo

Na actualidade o centro ten as seguintes liñas de traballo integradas na docencia e nos plans de formación:

- Xestión Documental da Nube
- Uso de ferramentas TIC na docencia
- Deseño e Impresión 3D e Robótica

Durante este curso académico amplíase o plan de formación do profesorado coas novas plataformas EDIXGAL e Office 365 (liña 25) e novas metodoloxías de dinámica da xestión grupal na aula (liña 27).

Para iso solicitouse un PFPP (L1731053) con dúas liñas de traballo

- 25-Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. Responsable: M^a Jesús Casado Barrio
- 27-Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias. Responsable: Mercedes Rodríguez

A primeira liña ten á súa vez dous itinerarios,


- EDIXGAL (L1701081)
- Contornas virtuais de aprendizaxe: OFFICE 365 no ámbito educativo (L1705027)

E continúaase co contrato programa de xestión da calidade.

PLAN DE FORMACIÓN CURSO 2017-2018							
Acción formativa prevista	Obxectivos	Interna ou externa	Departamento ou función	Nº de asistentes	Data	Lugar	Impartido por
EDIXGAL	Uso da plataforma como ferramenta docente	Ambas GT L1705026	Todos	20	Curso escolar	IES Daviña Rey	CEFORE coordinadora
Office 365	Uso da plataforma como ferramenta docente	Ambas GT L1705027	Todos	25	Curso escolar	IES Daviña Rey	CEFORE Poñentes externos
Convivencia e cooperación	Favorecer a integración, resolución pacífica de conflitos, e xestión de emocións	Externa curso L1701081 Interna GT L1705028	Todos	20	2º e 3º trimestre	IES Daviña Rey	CEFORE coordinadora
Contrato Programa: Mellora da calidade na xestión dos centros	Dar continuidade o traballo desenvolvido o curso anterior.	Externa	Todos	5	Curso escolar	IES Daviña Rey	Consellería de educación

Plan de actuación ABALAR-TIC-EDIXGAL

Ao remate do curso 16-17 solicitamos a participación no proxecto EDIXGAL. Afortunadamente o noso proxecto foi admitido e agora toca por en práctica os obxectivos que propoñemos no documento presentado, que pode verse neste enlace: <https://goo.gl/jtG8pC>



O plan de traballo ten tres piares básicos:

- Dinamización e xestión de recursos humanos e materiais.
- Formación e asesoría do profesorado respecto do uso de recursos e metodoloxía a empregar.
- Promoción e difusión das actividades desenvolvidas.

Dinamización e xestión de recursos humanos e materiais

A experiencia que temos despois da participación no proxecto piloto de hai seis anos será de grande utilidade para a xestión dos recursos, cos que imos proceder de xeito similar aplicando algunhas melloras.

Nas reunións iniciais do curso académico co profesorado e coas familias informárase da entrada en EDIXGAL. Ademais de presentar o proxecto darase conta das normas de uso do material, os modos de aviso en caso de incidencia e a metodoloxía que se seguirá co alumnado, no colexio e na casa. Baseándonos na pilotaxe do ano 2011 guiaremos cara ás condutas axeitadas para evitar problemas co uso da rede.

Formación e asesoría do profesorado respecto do uso de recursos e metodoloxía a empregar

Ademais de participar na formación que imparte a Consellería, dende o centro se formará respecto do uso do EVA ao profesorado que o necesite dentro do grupo de traballo, invitando a esta formación a todo o claustro, para que coñezan o proxecto.


Respecto da metodoloxía, os profesores participantes temos bastante experiencia no uso do ordenador nas aulas e de libros dixitais, cremos que nos abalan os anos de docencia ABALAR, polo que procuraremos continuar coas boas prácticas e ir incorporando a elas as novidades que nos ofrezga o entorno virtual EDIXGAL.

Para este curso temos o compromiso de participación do profesorado de sete materias de PRIMEIRO E OITO DE SEGUNDO DE ESO, son as seguintes:

1º E 2º de ESO: matemáticas, lingua galega e literatura, 2ª lingua estranxeira francés, relixión/ valores éticos, educación física, xeografía e historia, programación (1º), tecnoloxía e música (2º).

A idea é INCORPORAR Á METODOLOXÍA QUE XA ESTAMOS EMPREGANDO CUN SOPORTE DIXITAL AO EVA EDIXGAL, pasando os materiais que xa temos na aula virtual do centro, e engadindo os novos usos que aporta esta infraestrutura como a conexión con XADE e coas familias.

Unha vez que o consigamos faremos de semente para que as demais materias se incorporen, cando vexan as vantaxes e o identifiquen como algo doado e útil. Así confiamos en continuar os catro anos e, posiblemente, moitos mais, engadindo mais materias cada curso.



Promoción e difusión das actividades desenvolvidas

Unha das tarefas da responsable TIC é promover a participación de toda a comunidade educativa nas distintas actividades que se desenvolvan neste ámbito. Para iso se empregan as plataformas en uso: a nube do centro, a aula virtual, os blogs dos proxectos, as reunións oficiais (claustros, reunión cos titores/pais/nais, AMPA, ...), e agora tamén EDIXGAL e Office 365. Tamén se fala de modo directo con calquera persoa que forme parte da comunidade que solicite información e co profesorado que se incorpore ao centro para que se animen a participar.

Así mesmo se difunden os proxectos a través dos medios de comunicación, neste caso é o Director o encargado de por en valor a nosa imaxe de centro innovador TIC.

Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto EDIXGAL. Indicadores de Logro vinculados aos obxectivos

Na táboa seguinte se expoñen os obxectivos asociados ás estratexias de traballo e os indicadores cos que se medirá a súa consecución. Neles se fai mención aos informes do EVA que creemos servirán de fonte de datos para avaliar o nivel de uso das distintas ferramentas.

OBXECTIVO	ESTRATEGIA	INDICADOR
<ul style="list-style-type: none"> Nivelar a formación do alumnado na competencia dixital (rural - urbano) 	<ul style="list-style-type: none"> Aumentar a tipoloxía das tarefas que se desenvolven en formato dixital e a súa calidade empregando o EVA 	<ul style="list-style-type: none"> Nº de tarefas desenvolvidas en soporte dixital en cada materia. Resultados acadados polo alumnado na consecución das tarefas (medias e desviacións típicas obtidas dos informes)
<ul style="list-style-type: none"> Continuar co cambio metodolóxico creando ou reutilizando actividades e avaliando coas ferramentas de EDIXGAL 	<ul style="list-style-type: none"> Formarse respecto das ferramentas que incorpora o EVA e o uso didáctico. Capacitar ao profesorado nas novas metodoloxías activas mantendo o equilibrio entre aprendizaxe teórico e práctico. Deseñar un plan de avaliación con instrumentos variados (rúbricas ...) e congruente cos obxectivos e as actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> Nº de ferramentas do EVA empregadas polo profesorado (informes do EVA). Nº de actividades incorporadas, modificadas ou creadas respecto do curso precedente na docencia da materia (informes do EVA). Medición mediante unha enquisa da percepción dos usuarios (profesorado e alumnado) respecto da usabilidade e utilidade destas ferramentas.
<ul style="list-style-type: none"> Ampliar as canles de comunicación profesorado – alumnado – familias 	<ul style="list-style-type: none"> Difundir entre as familias o uso deste entorno para obter información e para comunicarse co centro. 	<ul style="list-style-type: none"> Nº de profesores e de familias que utilizan esta canle para o intercambio de información (Informes do EVA).
<ul style="list-style-type: none"> Investigar as posibilidades colaborativas do EVA EDIXGAL 	<ul style="list-style-type: none"> Propiciar a incorporación de situacións de aprendizaxe onde o alumnado reflexione en grupo o individualmente, empregando no proceso o EVA como ferramenta. 	<ul style="list-style-type: none"> Nº de tarefas grupais/colaborativas desenvolvidas empregando esta ferramenta (Informes do profesorado recollidos mediante enquisa ou nas reunións)
<ul style="list-style-type: none"> Facer uso responsable da rede respectando a imaxe propia e allea 	<ul style="list-style-type: none"> Propiciar condutas éticas respecto da obtención e publicación de información nas actividades desenvolvidas. Incorporación dun manual de estilo, seguridade e boas prácticas, desenvolvido polos propios estudantes coa axuda do profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> Nº de incidencias detectadas respecto do incumprimento do manual no uso das ferramentas TIC. (Control de incidencias por parte do profesorado nun documento compartido)
<ul style="list-style-type: none"> Cambiar o papel do alumnado de consumidores a creadores 	<ul style="list-style-type: none"> Fomentar a creación de recursos por parte do alumnado, resumos, esquemas, investigacións, ... 	<ul style="list-style-type: none"> Nº de recursos creados polo alumnado (Informe do profesorado recollido nun documento compartido)

Plan Proxecta e proxectos internacionais etwinning

Un ano mais o centro participa no Plan Proxecta como selo de identidade de incorporación de boas prácticas de aprendizaxe fomentando a aprendizaxe por proxectos, o tratamento de tódalas competencias básicas e o uso da tecnoloxía dentro do proceso. Así mesmo se suma un proxecto etwinning ao programa principal elixido dentro do Plan, para darlle un enfoque mais global.

No claustro inicial de curso, onde se presentan os programas elixidos, invítase a tódolos departamentos a colaborar. O de matemáticas, do que forma parte a coordinadora TIC e o de educación física, están sempre presentes. O resto súmanse en función do profesorado interesado. No caso de que haxa baixas de profesorado, se procura que os substitutos tamén se sumen ás actividades que se estean realizando. Hai profesores que colaboran ano tras ano a título individual coa súa materia.

Os proxectos que se están a desenvolver no centro na actualidade son os indicados nesta táboa.


Plan Proxecta	Coordinador	Cursos
<u>2. PDC (proxecto deportivo de centro) - CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES</u>	GANDÓN BERNÁRDEZ, GEMA	ESO-BACH
<u>10. Donas de si</u>	DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, MARÍA NIEVES	ESO
<u>32. Quérote+</u>	DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, MARÍA NIEVES	ESO-BACH
<u>16. Proxecto Ríos</u> Inclúe <u>proxecto etwinning</u>	CASADO BARRIO, MARÍA JESÚS	ESO-BACH-CICLOS
<u>19. Consumópolis</u>	RODRÍGUEZ LÓPEZ, ABEL	4º ESO
Plans solicitados para o curso 17-18		

Aula virtual

A promoción do uso da aula virtual e mantemento de usuarios e cursos forma parte do proxecto TIC. Anualmente se incorpora novo profesorado ao que se invita á utilizar esta ferramenta que promove o aprendizaxe personalizado e o uso académico dos dispositivos.

Tamén serve de presentación das novas do centro xa que na páxina principal se visualizan os accesos a calendarios de exames, proxectos, redes sociais e outros anuncios e portais de interese.

Imaxe da aula virtual do centro, que están a utilizar profesores de tódolos cursos, entre eles os de primeiro de ESO, xestionada pola coordinadora ABALAR



III- Manter en funcionamento o sistema na nube

A xestión documental da organización e do funcionamento do centro (datos de actividades, avisos, ...) realízase a través da nube <https://sites.google.com/a/iesdavinarey.org/nimbus/>



O departamento de calidade está actualizando o sistema e incorporando novos apartados.

Así mesmo estamos a traballar con tres dominios que dan acceso ás tres plataformas que estamos a utilizar:

- www.iesdavinarey.org (acceso á nube)
- www.iesdavinarey.gal (acceso á web do centro)
- www.iesdavinarey.es (usuarios de Office 365)

Para mais información sobre este sistema de xestión acceder ao primeiro enlace.

O plan de calidade inclúe formularios de medición de satisfacción ligados ao [PR8201: Medición da satisfacción dos clientes](#). Neste curso se engadirán os formularios de avaliación das novas plataformas en uso: EDIXGAL e Office 365.

IV- Formar a toda a comunidade educativa no uso responsable da tecnoloxía e levalo á práctica

No IES Daviña Rey estamos sensibilizados coa seguridade na rede, a protección de datos, o uso responsable dos dispositivos conectados e os problemas que poden xurdir debido a un uso inapropiado.

Por todo iso traballamos para difundir entre os membros da comunidade educativa a lexislación de referencia neste aspecto (Protocolo de protección de datos da Consellería de Educación) e de boas prácticas.

No portal <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> atópanse os protocolos básicos de convivencia escolar, e dentro destes o

- [Protocolo de Protección de datos](#)
- [Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar _v.2 \(pdf\)_ adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015](#)
- [Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar _v.2 \(doc\)_ adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015](#)

E un enlace ao portal de Identidade Dixital <https://eventos-edu.xunta.gal/identidade-dixital>

Existe unha estreita colaboración neste aspecto entre o departamento de orientación, o departamento TIC e a dirección do centro.

Ao inicio do curso se solicitan charlas sobre seguridade na rede a través do Plan Director da Consellería de Educación <http://www.edu.xunta.gal/portal/plandirector> así como outras conferencias e actividades que xurdan anualmente dende distintos organismos.

Tamén se inclúe no plan de formación este aspecto e se dan puntualmente consellos básicos sobre seguridade no uso da rede e no tratamento de datos de alumnado e profesorado.

Compre indicar que este ano tódolos participantes no PFPP fixeron o “**curso X1702076 Igualdade, Convivencia e Inclusión. Módulo 0**”, que incluía o protocolo de protección de datos entre os seus contidos.


V- Avaliación do sistema de Organización Dixitalmente Competente

No curso 2016-2017 fomos seleccionados para participar como centro piloto no proxecto DigCompOrg, Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, que promove a colaboración coas administracións educativas para avaliar o funcionamento das institucións no proceso de dixitalización.

Este marco busca dar soporte aos obxectivos da Comisión Europea de mellora da aprendizaxe aberta e innovadora en Europa, para abordar o desenvolvemento de destrezas dixitais e como contribución ao crecemento, aos postos de traballo e á competitividade.

Como centro piloto durante o curso 17-18 probaremos os cuestionarios de avaliación e valoraremos a súa idoneidade, beneficiándonos da oportunidade que nos dan de ter unha ferramenta para medirmos como organización dixital.

Na imaxe seguinte amósanse os items avaliados en DigCompOrg.



Os resultados se analizarán no equipo directivo e se farán públicos ao remate do curso, incorporando ao próximo plan TIC as recomendacións derivadas desta análise.

➤ ANEXO

Plan elaborado pola coordinadora TIC M^a Jesús Casado Barrio, en colaboración cos departamentos de Calidade, Orientación, Mantemento/Electrónica, e do Equipo Directivo.

Primeira revisión 12/09/2017

Última revisión 27/01/2018